

GUIA DE ESTUDANTES



Enderezo: Avda. do Burgo, s/n. Campus Norte
15782 Santiago de Compostela

Teléfonos: Conserxería 881811513/881811726
Decanato 881811504

Correo electrónico: ecoade.decanato@usc.es

Páxina web: <https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-ciencias-economicas-empresariais>

Índice

Persoal.....	3
Comunicación.....	4
Titulacións	6
Traballos Fin de Grao e Traballos Fin de Máster.....	9
Organización Docente	9
Programas das materias.....	9
Exames	9
Autoría de traballos.....	10
Horarios.....	10
Distribución de Grupos.....	10
Avaliación e normativa de permanencia da USC	10
Avaliación do alumnado	11
Programa titorial extraordinario	11
Plan de acción titorial dos Graos en Economía e ADE	12
Prácticas en empresas e institucións	20
Programas de mobilidade	21
Representación do estudantado nos Órganos de Goberno.....	21
Servizo de Atención Psicolóxica USC.....	21
Servizo de Participación e Inclusión Universitaria	22
Actividades complementarias á docencia.....	23
Mellora continua e Xestión da Calidade	24
Enquisas de opinión	24
Suxestións, queixas e reclamacións	24
Instalacións.....	25
Seguridade e plan de evacuación.....	26
Biblioteca.....	27
Servizo de reprografía	27
Cafetería-Comedor.....	27
Horarios.....	27

Persoal

Equipo decanal

- Decano: Xoán Ramón Doldán García. (Decanato 11504 e Despacho 212 . Ext. 11569) ecoade.decanato@usc.es; xoan.doldan@usc.es
- Secretaria académica (responsable das validacións): María Luisa Chas Amil. Despacho 110. Ext. 11549. marisa.chas@usc.es
- Vicedecana de Calidade e Innovación Docente: Romina García Chas. Despacho 321. Ext. 11712. romina.garcia@usc.es
- Vicedecano de Estudantes e Relacións Internacionais (responsable de mobilidade): Adrián Dios Vicente. Despacho 228. Ext. 11683. adrian.dios@usc.es
- Vicedecano de Organización Docente e Titulacións: Óscar Rodil Marzábal. Despacho 208. Ext. 11657. oscar.rodil@usc.es
- Vicedecana de Relación coas Empresas e Institucións (responsable das prácticas en empresas): Rosario Vidal Lopo. Despacho 309. Ext. 11613. mdelrosario.vidal@usc.es
- Secretaria administrativa: Ana Corral Lamela. Decanato. Ext. 11504. ecoade.decanato@usc.es

Profesorado

Podes encontrar unha listaxe do profesorado do Centro con información sobre o seu correo electrónico e extensión telefónica na páxina web da facultade:

<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-ciencias-economicas-empresariais/directorio>

Coordinadores

	GRAO EN ECONOMÍA	GRAO EN ADE
Coordinador/a do grao	Rosario Díaz Vázquez	José Manuel Maside Sanfiz
Coordinadores por curso:		
1º	Paula Álvarez González	Óscar Suárez Fernández
2º	Pablo Durán Santomil	
3º	Eva Aguayo Lorenzo	Noelia Romero Castro
4º	Rosa Mª Regueiro Ferreira	Mª Concepción Varela Neira

Biblioteca

No mostrador da Biblioteca podes facer as consultas e solicitar os servizos que precises (ext. 11510). A directora da Biblioteca é Yolanda Diéguez Méndez (yolanda.dieguez@usc.es; Ext. 11507).

Unidade de apoio á xestión

Existe unha unidade de apoio á xestión administrativa e económica da Facultade. A súa responsable é Elena Sieiro (Despacho detrás da Conserxería, ext. 11663, ecoade.uaxcd@usc.es).

Conserxería

Na Conserxería poderás atopar persoal disposto a resolver as túas dúbidas e consultas (Ext. 11513 e 11726).

Comunicación

Correo electrónico institucional

Cando te matriculas na USC terás unha conta de correo institucional nome.apellido@rai.usc.es cun contrasinal que deberás empregar na meirande parte dos trámites que realices a través da rede:

- **Vía de comunicación ca comunidade universitaria:** esta conta será a única recoñecida pola USC para o envío de correo electrónico á comunidade universitaria, concretamente será a forma habitual pola cal o profesorado se poñerá en contacto contigo e verás actividades e comunicacións das materias. Poderás acceder ao teu correo electrónico dende calquera dispositivo no enderezo <https://nube.usc.gal> e toda a información relativa ao seu uso está dispoñible en <https://www.usc.gal/es/node/43596>

**Lembra revisar con frecuencia o teu correo electrónico
institucional (nome.apellido@rai.usc.es)!!!**

- **Vía de acceso á rede informática do Centro e da USC,** precisarás o correo electrónico e o contrasinal, se o esqueces poderás solicitar un novo na conserxería do Centro.
- **Secretaría virtual.** Toda a información relativa á xestión académica atoparala na túa secretaria virtual. Neste servizo poderás realizar os trámites administrativos relacionados coa matrícula.
- **Campus virtual.** A USC dispón dun **Campus Virtual**, plataforma web de apoio á docencia. Pódese acceder co mesmo nome de usuario/a e contrasinal de RAI no enderezo <https://cv.usc.es> onde se indican as e-aulas das materias.
- Coa túa conta tamén terás **acceso á plataforma de Office 365**, desta forma terás a posibilidade de usar todas as aplicación de Office de maneira virtual e dende calquera ordenador.
- **Vía de acceso á rede wifi da USC eduroam.** Eduroam é a rede sen fíos para usuarios tanto dentro da USC como noutras universidades ou organismos adheridos a este sistema. Toda a información para darse de alta en:
<https://www.usc.gal/gl/servizos/area/tecnologias-informacion-comunicacions/servizos/conexion-rede/conexion-rede-sen-fios-eduroam>

Páxina web da Facultade: Na páxina web do Centro atoparás toda a información académica (distribución de grupos, horarios, TFG, ...)

<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-ciencias-economicas-empresariais>. Recorda que moita da información de interese se atopará na **intranet**, con acceso só para os membros da nosa comunidade universitaria. Para entrar, precisarás as túas credenciais da USC.
<https://nubeusc.sharepoint.com/sites/centro-ciencias-economicas-empresariais>

Xornal Econtade: Trátase dunha publicación bimensual que recolle a actividade da nosa facultade, remítese por correo electrónico dende o Decanato e tamén podes atopalo na web do centro.

<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-ciencias-economicas-empresariais/xornal-facultade-econtade>

Taboleiros. Existen diferentes taboleiros distribuídos pola facultade:
No situado na entrada do Centro poderás consultar os horarios de clase.

Na entrada da facultade podes atopar o taboleiro cos horarios e na parede lateral da Aula A podedes atopar os taboleiros de Mobilidade e Prácticas en Empresas.

No corredor da cafetería existen taboleiros que se dedican a información sobre másteres, programas de doutoramento e asociacións estudantís.

Redes sociais da facultade. A facultade está presente en:



A través das nosas redes, poderaste informar de todo o que acontece na Facultade, atopar ofertas de emprego ou formación e tamén empregala como vía de contacto co antigo estudantado que poderá ser un referente importante no deseño da túa carreira profesional.

<https://www.linkedin.com/school/facultade-de-ciencias-economicas-e-empresariais-usc/>

<https://bsky.app/profile/did:plc:7rujmrzxmsf4wllvauvcvr4n>

<https://www.instagram.com/ecoadeusc?igsh=MTVyMDg2ODkweWs4Nw==>

https://www.youtube.com/channel/UCNyJ_vKlBGk6GBHFIG1Tzg

Titulacións

Na Facultade impártense o Grao en Administración e Dirección de Empresas e o Grao en Economía. Tamén se imparte formación para posgraduados, 6 másteres oficiais e 1 máster propio.

A información sobre os graos en extinción pode atoparse nos seguintes enlaces:

<https://www.usc.gal/gl/estudos/graos/ciencias-sociais-xuridicas/grao-administracion-direccion-empresas>

<https://www.usc.gal/gl/estudos/graos/ciencias-sociais-xuridicas/grao-economia>

A continuación encontrarás a información básica sobre a nova edicións dos graos en ADE e Economía que comezan a súa implantación no curso 25/26.

Grao en Administración e Dirección de Empresas (ADE)

O Grao en ADE estrutúrase en 240 créditos distribuídos en 4 anos:

PRIMEIRO CURSO			
1º SEMESTRE	ECTS	2º SEMESTRE	ECTS
Principios de economía	6	Introducción á contabilidade	6
Historia económica	6	Matemáticas empresariais II	6
Matemáticas empresariais I	6	Estatística empresarial I	6
Estrutura económica mundial e da Unión Europea	6	Dereito da empresa	6
Fundamentos de dirección de empresas	6	Dirección de marketing I	6
SEGUNDO CURSO			
1º SEMESTRE	ECTS	2º SEMESTRE	ECTS
Análise das operacións financeiras	6	Dirección de operacións	6
Contabilidade de custos	6	Contabilidade financeira I	6
Dirección de marketing II	6	Macroeconomía	6
Microeconomía I: Consumo	4.5	Fiscalidade empresarial I	6
Estatística empresarial II	4.5	Política económica	4.5
Estrutura económica de España e de Galicia	4.5		
TERCEIRO CURSO			
1º SEMESTRE	ECTS	2º SEMESTRE	ECTS
Fiscalidade empresarial II	6	Dirección financeira: Investimento	6
Econometría I	6	Xestión de persoas	6
Mercados e produtos financeiros	4.5	Marketing internacional	4.5
Contabilidade financeira II	4.5	Econometría II	4.5
Marketing dixital	4.5	Análise de estados financeiros	4.5
Estados contables e información non financeira	4.5	Microeconomía II: Prezos e estruturas de mercado	4.5
CUARTO CURSO			
1º SEMESTRE	ECTS	2º SEMESTRE	ECTS
Dirección financeira: Financiamento	6	Estratexia e planificación financeira	4.5
Estratexia empresarial	6	Traballo fin de grao	6
Investigación comercial	6	Contabilidade de custos avanzados*	4.5
Emprendemento e creación de empresas	4.5	Xestión financeira internacional*	4.5

Introdución á auditoría*	4.5	Finanzas operativas*	4.5
Sistemas de información para a toma de decisións e o control*	4.5	Xestión da calidade*	4.5
Investimentos financeiros*	4.5	Xestión medioambiental na empresa*	4.5
Xestión da cadea de subministración*	4.5	Distribución omnicanal*	4.5
Técnicas de xestión de marketing*	4.5	Comunicación comercial*	4.5
Socioloxía da empresa e as organizacións*	4.5	Análise competitiva da empresa*	4.5
Métodos e técnicas de predición económica-empresarial*	4.5	Planificación fiscal*	4.5
Prácticas externas*	9	Economía da innovación e sostibilidade*	4.5
		Comportamento organizativo*	4.5

(*) Materias optativas. Dos 90 créditos optativos ofertados, o estudantado ten que cursar 27 créditos. Tamén se pode cursar, como optativa, a materia prácticas en empresas (9 créditos).

Coordinador do título: José Manuel Maside Sanfiz, josemanuel.maside@usc.es

Despacho: 311

Extensión telefónica: 11616

Grao en Economía

O Grao en Economía estrutúrase en 240 créditos distribuídos en 4 anos

PRIMEIRO CURSO			
1º SEMESTRE	ECTS	2º SEMESTRE	ECTS
Principios de economía	6	Contabilidade xeral I	6
Estatística económica I	6	Microeconomía I	6
Matemáticas para economistas I	6	Historia económica mundial	6
Conceptos e magnitudes económicas	6	Matemáticas para economistas II	6
Administración de empresas	6	Estrutura económica mundial I	6
SEGUNDO CURSO			
1º SEMESTRE	ECTS	2º SEMESTRE	ECTS
Macroeconomía I	6	Dereito mercantil	6
Contabilidade xeral II	6	Macroeconomía II	6
Estatística económica II	6	Microeconomía II	6
Modelos matemáticos para economistas	6	Socioloxía económica	6
Estrutura económica mundial II	6	Historia económica de España	6
TERCEIRO CURSO			
1º SEMESTRE	ECTS	2º SEMESTRE	ECTS
Econometría I	6	Econometría II	6
Microeconomía III	6	Análise económica internacional	6
Facenda pública: Ingresos e gastos	6	Estrutura económica de Galicia	6
Estrutura económica de España e da Unión Europea	6	Política económica I	6
Historia económica de Galicia	6	Sistema fiscal español	6
CUARTO CURSO			
1º SEMESTRE	ECTS	2º SEMESTRE	ECTS
Federalismo fiscal	6	Desenvolvemento rexional e local	6
Política económica II	6	Traballo fin de grao	6
Finanzas	4.5	Marketing*	4.5

Historia das relacións económicas internacionais*	4.5	Microeconomía financeira*	4.5
Teoría do desenvolvemento sustentable*	4.5	Política económica española*	4.5
Econometría aplicada: Modelos macroeconómicos*	4.5	Xestión e gobernanza pública*	4.5
Política económica da Unión Europea*	4.5	Estatística económica avanzada*	4.5
Historia ambiental e da enerxía*	4.5	Historia do pensamento económico*	4.5
Economía da innovación e da dixitalización*	4.5	Economía ecolóxica, metabolismo e sustentabilidade*	4.5
Macroeconomía monetaria*	4.5	Microeconometría aplicada á toma de decisións*	4.5
Análise económica do mercado de traballo*	4.5	Economía da enerxía*	4.5
Prácticas externas*	9		

(*) Materias optativas. Dos 85.5 créditos optativos ofertados, o estudantado ten que cursar 31.5 créditos. Tamén se pode cursar, como optativa, a materia prácticas en empresas (9 créditos).

Coordinadora do título: María del Rosario Díaz Vázquez, rosario.diaz@usc.es
Despacho: 332
Extensión telefónica: 11603

Pódese atopar información sobre a nova edición dos graos e o proceso de adaptación aos mesmos no seguinte enlace: <https://nubeusc.sharepoint.com/sites/centro-ciencias-economicas-empresariais/SitePages/Informaci%C3%B3n-sobre-os-novos-graos.aspx?csf=1&web=1&e=Ta5Zbv&CID=db04955-e18e-4e3a-b3d7-c55288b9b9b5>

Másteres oficiais

Na Facultade pódense cursar os seguintes másteres oficiais:

- Máster Universitario en Desenvolvemento Económico e Innovación (DEIN)
<https://www.usc.gal/gl/estudios/masteres/ciencias-sociais-xuridicas/master-universitario-desenvolvemento-economico-innovacion>
- Máster Interuniversitario en Economía
<https://www.usc.gal/gl/estudios/masteres/ciencias-sociais-xuridicas/master-universitario-economia>
- Máster Universitario en Dirección de Empresas (MBA)
<https://www.usc.gal/gl/estudios/masteres/ciencias-sociais-xuridicas/master-universitario-direccion-empresas>
- Máster Universitario en Dirección e Xestión Contable e Financeira (DIXECOFI)
<https://www.usc.gal/gl/estudios/masteres/ciencias-sociais-xuridicas/master-universitario-direccion-xestion-contable-financeira>
- Máster Universitario en Turismo Urbano e Xestión de Empresas Turísticas
<https://www.usc.gal/gl/estudios/masteres/ciencias-sociais-xuridicas/master-universitario-turismo-urbano-xestion-empresas-turisticas>
- Máster Universitario en Economía Circular
<https://www.usc.gal/gl/estudios/masteres/ciencias-sociais-xuridicas/master-universitario-economia-circular>

Máster propio

Tamén se pode cursar o seguinte máster propio:

- Máster en Marketing Dixital

<https://www.usc.es/gl/centros/cep/posgrao/curso.html?tcurso=2&idc=704&anoAc=2021-2022>

Traballos Fin de Grao e Traballos Fin de Máster

O Traballo Fin de Grao (TFG) e o Traballo Fin de Máster (TFM) supoñen o paso final de cada unha das etapas de estudos. Poderás encontrar a información sobre o seu desenvolvemento (formatos, guía docente, calendarios de presentación e defensa...) na páxina web da Facultade.

<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-ciencias-economicas-empresariais/tfg>

<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-ciencias-economicas-empresariais/tfm>

No caso do estudantado dos graos, recoméndase asistir á sesión informativa sobre TFG ao comezo de cada curso (consulta a sección do plan de acción tutorial). Por outra banda resulta de gran axuda na elaboración destes traballos a realización previa dos cursos en competencias informacionais (nivel básico e nivel avanzado) que organiza a Biblioteca da Facultade.

No momento de matricularte no TFG téis que estar matriculado de todos os créditos restantes da titulación; debes telo en conta por se queres solicitar créditos derivados da realización de cursos, actividades ou idiomas.

As solicitudes de defensa presentaranse no prazo establecido a través da Secretaría Virtual onde se subirá o ficheiro en pdf do TFG.

Organización Docente

Programas das materias

Os programas das diferentes materias nos que se recollen obxectivos, contidos, bibliografía, sistema de avaliación etc. serán presentados nas aulas ao comezo do curso. Esta información está dispoñible tamén na páxina web da Facultade. É moi importante que coñezas o sistema de avaliación de cada materia xa que moitas das materias dos nosos planos de estudos establecen un proceso de avaliación continua que implica traballar de xeito continuado dende o comezo do curso.

Exames

As datas de realización dos exames oficiais son aprobadas por Xunta de Facultade e non se poderán modificar. Están dispoñibles nos taboleiros e na web da Facultade. Para realizar os exames oficiais deberás acudir identificado. Durante a realización dos mesmos está totalmente prohibido a utilización de teléfonos móbiles ou calquera outro dispositivo electrónico. Calquera tipo de conducta fraudulenta durante a realización dun exame será debidamente sancionada.

<https://nubeusc.sharepoint.com/sites/centro-ciencias-economicas-empresariais/SitePages/HORARIOS.aspx>

Autoría de traballos

O plaxio de traballos constitúe unha conducta inaceptable dende o punto de vista ético e academicamente rexeitable. A copia de traballos, sen referencia ás fontes, terá unha consideración similar a copiar nun exame. O profesorado que detecte cos medios dispoñibles que un estudante copiou un traballo, que presenta como propio, cualificará con suspenso ó estudante nesa materia nesa convocatoria e deberá notificalo ao Equipo Decanal para os efectos oportunos. Isto poderá levar consigo a apertura dun expediente informativo e/ou sancionador.

Horarios

Podes atopar os horarios dos diferentes cursos e grupos na páxina web da Facultade e tamén no taboleiro que se atopa preto da entrada principal da Facultade.

Ademais, podes configurar os teus propios horarios a partir dunha ferramenta dispoñible na intranet:

<https://nubeusc.sharepoint.com/sites/centro-ciencias-economicas-empresariais/SitePages/HORARIOS.aspx>

Distribución de Grupos

Cando unha materia teña máis dun grupo de docencia (expositiva ou interactiva), o estudantado matriculado distribuirase de xeito preliminar entre os grupos de docencia por orde alfabética publicándose nos taboleiros e na páxina web do Centro. Asemade, publicárase a convocatoria de cambio de grupo que establecerá os prazos e procedementos para solicitar dito cambio.

<https://nubeusc.sharepoint.com/sites/centro-ciencias-economicas-empresariais/SitePages/HORARIOS.aspx>

<https://nubeusc.sharepoint.com/sites/centro-ciencias-economicas-empresariais/SitePages/Grupos,-cambios-e-dispensas.aspx>

Avaliación e normativa de permanencia da USC

Para continuar os estudos na USC debes superar como mínimo unha materia obrigatoria de primeiro curso ou 30 créditos nos dous primeiros anos académicos (15 créditos para matrícula a tempo parcial).

Para superar unha materia dispós de catro convocatorias nos graos ou dúas nos másteres. En cada curso disporás de dous exames oficiais para superar cada materia. Esas dúas oportunidades comprenden unha única convocatoria. A convocatoria enténdese esgotada tanto se a cualificación é suspenso como non presentado.

Na cuarta convocatoria de materias de grao o estudante poderás solicitar ser cualificado por un tribunal, sempre que concorreses ás tres convocatorias anteriores. O estudantado que esgotase as convocatorias previstas para cada materia, poderá solicitar, por unha soa vez, a dispensa do dito límite atendendo a razóns académicas ou persoais especiais. As peticións poderán ser resoltas favorablemente polo Reitor con base nas razóns alegadas polo interesado.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2014/20141210/AnuncioG2018-041214-0004_gl.html

O estudantado que continúe estudos debe matricularse de todas as materias pendentes (suspensas e non presentadas) dos cursos anteriores, ata un máximo de 75 créditos (neste máximo non computan os créditos relativos ao traballo fin de grao). Exclúense as optativas, xa que o estudante pode cambiar de optativas dun curso a outro. Non se pode matricular do último curso con materias pendentes de primeiro. Poderán matricularse do TFG ou TFM cando lle resten para concluír os estudos 75 créditos ou menos, sen contar os créditos dos citados traballos.

Admitirase unha renuncia sen causa por cada materia, o que suporía que non se consumiría esa convocatoria. A renuncia debe solicitarse nos períodos establecidos na convocatoria de matrícula. Tamén se pode solicitar a renuncia ao TFG/TFM cando non se cumpran os requisitos para poder defendelo. Ademais, poderán solicitarse, en calquera momento, renuncias por causas xustificadas cuxa concesión resolverá o Reitor.

Avaliación do estudantado

A normativa a seguir para a avaliación do estudantado é a publicada no DOG núm. 140 do xoves, 21 de xullo de 2011, modificada polo acordo de Consello de Goberno do 30 de abril de 2025.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2011/20110721/AnuncioG2018-190711-4180_es.html

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20170508/AnuncioG2018-270417-0001_es.html

<https://minerva.usc.gal/entities/publication/cf8b9ee2-65ff-428b-ad0d-41bb40eb9b15>

Programa tutorial extraordinario

A Normativa de avaliación do rendemento académico do estudantado e de revisión de cualificacións permite establecer un sistema de apoio tutorial extraordinario para axudar ao estudantado a superar aquelas materias que lle presente especiais dificultades.

O apoio tutorial extraordinario terá unha metodoloxía de aprendizaxe que se establecerá entre o profesor-tutor e o alumno. O profesor-tutor definirá as pautas que deberá seguir o estudante no desenvolvemento da aprendizaxe, as que lle proporcionarán os elementos suficientes para avaliar a súa progresión, mantendo, en todo caso, as garantías e transparencia necesarias.

O apoio tutorial só poderá solicitarse para realizalo ao longo do curso e presentarse as oportunidades ordinarias de exame, quedando excluída a convocatoria extraordinaria de fin de carreira, é dicir, o estudantado que solicite apoio tutorial para unha convocatoria ordinaria (primeiro semestre, segundo semestre ou anual) poderá presentarse á convocatoria fin de carreira, pero non poderá recibir o apoio tutorial para superar a materia nesta convocatoria.

Poderá solicitalo o estudantado matriculado en calquera titulación oficial de grao da USC, que reúna os seguintes requisitos:

- Que teña pendentes de superación para o remate dos estudos do título un máximo de 18 créditos ou tres materias (exclúese do cómputo o traballo fin de grao).

- Que teña esgotadas 2 convocatorias, cando menos, en cada unha das materias para as que soliciten o apoio.

Estes requisitos poderán reunirse ao inicio do curso ou tras os exames do primeiro semestre.

Os matriculados en materias sen dereito a docencia tamén poderán acollerse ao apoio tutorial extraordinario, sempre e cando cumpran os demais requisitos establecidos nesta convocatoria para as materias con docencia.

O estudantado ao que se lle conceda o apoio tutorial gozará do mesmo número de convocatorias ou oportunidades en cada curso académico, para superar a materia, que o resto do estudantado, de acordo co que estableza a normativa que sexa de aplicación para as titulacións que estea a cursar.

Non se poderá solicitar apoio tutorial no caso de materias cursadas a maiores das necesarias para titularse, agás no caso de que se precisen para outra especialidade, itinerario ou mención.

<https://www.usc.gal/gl/servizos/area/xestion-servizos-academicos/avaliacion-accion-tutorial/apoyo-tutorial-extra>

Plan de acción tutorial dos Graos en Economía e ADE

Estas accións están dirixidas a orientar ao estudantado dos Graos en diferentes aspectos da súa vida académica e do seu futuro. Algunhas das actividades programadas para o curso 2025/26 son as seguintes:

<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-ciencias-economicas-empresariais/plan-accion-tutorial>

Acción	Destinatarios	Responsables da organización	Data	Lugar, propósito e temas a desenvolver
Acto de benvida	Estudantado de 1º curso de grao	Equipo decanal e coordinadores de titulación e curso	Primeiro día de clase	Lugar: Aula magna Propósito: Acoller ao estudantado de novo ingreso e proporcionarlle a información necesaria para a súa incorporación á universidade. Temas a desenvolver: 1-. Presentación do Equipo Decanal e información académica e recomendacións de especial interese para o estudantado: importancia das cualificacións, 2-. Información administrativa relevante e información contida na web da facultade: solicitudes de cambio de grupo, campus virtual, web da facultade, intranet, correo institucional, 3-. Realización da enquisa de perfil de ingreso. 4-. Presentación do PAIS. 5-. Delegados/as de estudantes en cada curso e importancia da participación e da representación do estudantado.
Sesións informativas para cada grupo expositivo dos novos Plans	Estudantado de 1º	Equipo decanal	Primeiras semanas de clase	Lugar: Aulas de clase Propósito: Facer unha presentación sobre cuestións básicas de funcionamento e organización da Facultade, atendendo ás particularidades dos novos Plans. Temas a desenvolver:

				1-. Informarase sobre o correo institucional como medio de comunicación, o campus virtual e a aula de coordinación. 2-. División en grupos expositivos e interactivos e organización de horarios. 3-. Importancia da asistencia ás clases, relevancia de nomear delegados/as.
Sesión informativa para cada grupo expositivo nos plans en extinción	Estudantado de 2º, 3º e 4º	Equipo decanal	Primeiras semanas de curso	Lugar: Aulas de clase Propósito: Insistir na relevancia de determinadas cuestións para o bo seguimento do curso e dos estudos e atender ás particularidades de cada curso. Temas a desenvolver: 1-. Temas xerais: mecanismos de comunicación, a importancia de asistencia a clase, elección de persoas delegadas, relevancia de boas cualificacións e presentación da Aula Profesional ECOADE. 2-. Específicos de 2º: Mobilidade. 3-. Específico de 3º: Mobilidade e prácticas externas. 4-. Específico de 4º: Prácticas e TFG.
Sesión de presentación da materia Traballo Fin de Grao (TFG)	Estudantado de 4º curso de grao	Coordinadores/as de TFG dos graos	Primeiras semanas do curso	Lugar: Aula magna Propósito: Informar e orientar ao estudantado sobre os aspectos máis relevantes da elaboración do TFG. Temas a desenvolver: 1-. Presentación da guía docente de TFG. 2-. Información relevante sobre o proceso de solicitude de TFG, proceso de elaboración e defensa do mesmo.

				3-. Datas relevantes. 4-. Consellos e normas básicas a considerar.
Sesións informativas sobre prácticas externas	Estudantado de 3º e 4º dos graos	Vicedecana de relacións coas empresas e institucións	Unha sesión por convocatoria Setembro/outubro Marzo/abril	Lugar: Aulas por determinar Propósito: Informar ao estudantado sobre convocatorias abertas e prácticas propiciadas. Temas a desenvolver: 1-. Participación de titores de prácticas e de estudantado que cursou as prácticas en convocatorias anteriores. 2-. Convocatorias de prácticas dispoñibles.
Welcome Day	Estudantado entrante de mobilidade	Vicedecano de estudantes e relacións internacionais	Dous ao longo do curso. Ao principio de cada semestre	Lugar: Salón de graos Propósito: Informar ao estudantado de mobilidade entrante sobre o funcionamento do centro. Temas a desenvolver: 1-.Organización e comunicación xeral da facultade. 2-.Horarios e grupos. 3-.Información sobre cambios no acordo de estudos. 4-.Outra información sobre os trámites de mobilidade e matrícula.
Xuntanza de delegados/as e subdelegados/as con coordinadores/as de curso e titulación e co equipo decanal	Delegados/as e subdelegados/as	Equipo decanal, coordinadores/as de titulación, coordinadores/as de curso	Unha reunión por cuadrimestre	Lugar: Sala de Xuntas Propósito: Desenvolver unha canle de comunicación permanente coa delegación do estudantado e poñer en valor a relevancia da súa función. Temas a desenvolver: 1-. Valoración sobre o desenvolvemento do curso.

				2-. Identificar necesidades do estudantado. 3-. Detección de posibles incidencias. 4-. Informar de cuestións relevantes para transmitir ao resto do estudantado.
Sesións informativas dos diferentes programas de intercambio: ERASMUS, SICUE e Convenio Bilateral	Conxunto do estudantado	Vicedecano de estudantes e relacións internacionais	Erasmus: Decembro SICUE: Febreiro Convenio Bilateral: Febreiro	Lugar: Aula 7 e 8 Propósito: Informar ao estudantado de mobilidade saínte sobre os programas de mobilidade. Temas a desenvolver: 1-. Presentación dos programas. 2-. Requisitos. 3-. Criterios de elección de destino.
Sesións informativas sobre o desenvolvemento dos acordos de estudos para os diferentes programas de mobilidade: ERASMUS, SICUE e Convenio Bilateral	Estudiantado saínte de mobilidade	Vicedecano de estudantes e relacións internacionais	ERASMUS: Marzo SICUE: Abril Convenio Bilateral: Abril	Lugar: Aulas 7 e 8 Propósito: Informar ao estudantado de mobilidade sobre o procedemento para a elaboración do acordo de estudos Temas a desenvolver: 1-. Criterios para a elaboración do acordo de estudos. 2-. Procedemento administrativo para a súa elaboración.
Presentación para obter o certificado dixital	Estudiantado saínte de mobilidade	Unidade de Xestión	Abril	Lugar: Aula de informática Propósito: Obtención do certificado dixital para o estudantado saínte de mobilidade

				Temas a desenvolver: 1-. Certificado dixital.
Sesión informativa materias optativas de 4º curso	Estudantado de 3º curso dos graos	Equipo decanal, profesorado responsable das materias optativas	Final do segundo cuadrimestre	Lugar: Aula por determinar Propósito: Orientar ao estudantado de cara a escolla das materias optativas Temas a desenvolver: 1-. Presentación das diferentes materias optativas dispoñibles por parte de profesorado dos departamentos responsables das mesmas.
Sesións informativas sobre orientación laboral e posibles saídas	Estudantado de 4º curso de grao	Equipo decanal	Ao longo do curso	Lugar: Aula por determinar Propósito: Orientar ao estudantado sobre posibles saídas laborais ou de continuación de estudos Temas a desenvolver: 1-. Presentación de posibles saídas laborais. 2-. Preparación de currículo. 3-. Elaboración de carta de presentación, perfil en LinkedIn. 4-. Preparación para o primeiro contacto co mercado laboral. 5-. Conferencias nas que os poñentes falan sobre a súa experiencia como profesionais.
Sesións informativas sobre o programa de estudantado titor	Estudantado titor	Vicedecano de estudantes e relacións internacionais	3 sesións ao longo do curso (xullo, setembro e xaneiro)	Lugar: Sala de Xuntas Propósito:

				Formar e informar sobre as actuacións no programa de estudantado titor Temas a desenvolver: 1-. Sesión 1: formación básica sobre a facultade e organización do traballo para o seguinte curso. 2-. Sesión 2: organización de traballo para o primeiro semestre. 3-. Sesión 3: organización de traballo para o segundo semestre.
Titorización de estudantado de primeiro curso	Estudantado de primeiro dos plans novos	Equipo decanal e estudantado titor	Todo o curso	Lugar: Facultade Propósito: Orientación do estudantado de primeiro curso nos novos plans Temas a desenvolver: 1.- Comunicación entre o equipo decanal e o estudantado. 2.- Resolución de dúbidas xerais sobre o centro. 3.- Asesoramento e apoio en cuestión académicas e administrativas.
Titorización de estudantado de mobilidade entrante	Estudantado de mobilidade	Equipo decanal e estudantado titor	Todo o curso	Lugar: Facultade Propósito: Orientación do estudantado de mobilidade entrante Temas a desenvolver: 1.- Comunicación entre o equipo decanal e o estudantado entrante 2.- Resolución de dúbidas xerais sobre o centro. 3.- Asesoramento e apoio en cuestión académicas, administrativas, e de organización, en particular sobre os grupos e horarios.

Conferencias e talleres recollidas na Aula Profesional ECOADE	Estudantado do centro	Vicedecana de Relacións coas Empresas e Institucións	Ao longo do curso	Lugar: Aulas por determinar Propósito: Desenvolver as competencias transversais mediante diferentes actividades (obradoiros, charlas, conferencias...) Temas a desenvolver 1-. Ciclo de conferencias “Aprendendo das Empresas e Institucións”. 2-. Talleres sobre diferentes ferramentas informáticas: Power Bi, R, Office 365...
Cursos de competencias en información Nivel Básico e Nivel Avanzado	Estudantado do centro	Biblioteca da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais	Dúas edicións ao longo do curso	Lugar: Cursos online Propósito: Formar ao estudantado en competencias da información. Nivel básico: dirixido ao estudantado dos dous primeiros cursos dos graos. Nivel avanzado: dirixido ao estudantado dos dous últimos cursos dos graos. Temas a desenvolver: Nivel básico: 1-. Cómo buscar a información, cómo usala e evitar o plaxio. 2-. Cómo facer un traballo académico. Nivel avanzado: 3-. Recursos TIC. 4-. Cómo elaborar un TFG. 5-. Comunicar e difundir a información.

Estudantado titor do curso 2025/26:

Abuín Tojo, Lucía	lucia.abuin@rai.usc.es
Becerini Rial, Lucas Damián	lucasdamián.becerini@rai.usc.es
Bustelo García, Damián	damián.bustelo@rai.usc.es
Cajaraville Viñas, Lucía	lucia.cajaraville@rai.usc.es
Correia Gonçalves, Manuela Sofía	manuelasofia.correia@rai.usc.gal
Docampo Herrera, Alejandra	alejandra.docampo.herrera@rai.usc.es
Felgar Moro, Carlota	carlota.felgar@rai.usc.gal
Ferreiro Lago, Inma	inma.ferreiro@rai.usc.gal
Ferreiro Negreira, Lucía	lucia.ferreiro.negreira@rai.usc.es
Fraga Martínez, Claudia	claudia.fraga.martinez@rai.usc.gal
Molina Andarcia, Christian Alejandro	christian.molina@rai.usc.es
Nogueiras Segade, Noa	noa.nogueiras@rai.usc.gal
Oitaven Boullosa, Natalia	natalia.oitaven@rai.usc.gal
Pazos Mouriz, Laura	laura.pazos.mouriz@rai.usc.es

Prácticas en empresas e institucións

Unha vez que teñas superados 120 créditos poderás realizar prácticas en empresas e institucións. Estas prácticas serviranche para ter o teu primeiro contacto co mundo laboral no ámbito da economía e a xestión e administración de empresas e institucións e son unha boa forma de ir completando o teu CV.

As prácticas poden ser:

- curriculares (9 créditos como máximo, no caso da nova edición dos graos), nese caso figurarán como unha materia optativa dentro do teu expediente académico ou
- extracurriculares (de 7 a 30 créditos) fóra do plan de estudos pero figurando no expediente académico e no Suplemento Europeo ao Título (SET).

En ambos casos podes obter un certificado oficial de realización destas prácticas.

A Facultade conta con máis de 170 convenios con empresas en institucións onde podes realizar as prácticas.

Existen dúas convocatorias de prácticas en cada curso, a primeira da que se realizará unha sesión informativa en outubro, cubre as prácticas que o estudantado realiza entre outubro e abril, a segunda da que se informa no mes de marzo/abril para realizar prácticas de maio a setembro. Polo tanto podes realizar as prácticas durante o período lectivo compatibilizándoas coas clases (podes solicitar cambio de quenda) ou durante os períodos de vacacións. Tamén podes propiciar prácticas conseguindo ti a empresa ou organismo na que realízalas.

Responsable das prácticas na Facultade: Rosario Vidal Lopo

Podes atopar información sobre as prácticas en: <https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-ciencias-economicas-empresariais/practicas> e preguntar as dúbidas concretas que teñas sobre as mesmas escribindo a: ecoade.practicas@usc.es

Programas de mobilidade

Tal vez queiras completar a túa formación académica na nosa Facultade cunha estadía temporal noutro centro universitario, dentro ou fóra de España. No noso Centro temos convenios con numerosas universidades españolas (programa SICUE), da UE (programa ERASMUS) e incluso do resto do mundo (programa Convenios Bilaterais). Nos últimos anos, o noso estudantado aproveitou estes programas de mobilidade para estudar en destinos tan diversos como Polonia, Irlanda, República Checa, Francia, Alemaña, Australia, USA, Corea do Sul, Chile ou incluso China, entre outros.

Para poder optar a estes destinos, tes que ter **como mínimo un nivel B1 de idioma estranxeiro**. En moitos casos, o idioma solicitado é o inglés (países anglo falantes e países do leste de Europa), pero se queres estudar en Italia, Alemaña, Francia ou Portugal, seguramente precisarás acreditar o coñecemento da lingua respectiva destes países. Se o teu nivel de idiomas non é bo cando chegues á Universidade, aínda estás a tempo. Ponte mans á obra e poderás optar a unha experiencia formativa e vital inesquecible.

Responsable dos programas de mobilidade na Facultade: Adrián Dios Vicente.

Representación do estudantado nos Órganos de Goberno

A Representación do estudantado está constituída polos/as delegados/as e subdelegados/as de cada curso e por representantes do estudantado en Xunta de Escola.

O órgano de goberno principal do centro é a Xunta de Facultade na que o estudantado conta con representación.

O estudantado que forma parte da Xunta de Facultade pode formar parte das diferentes comisións delegadas da mesma (comisión permanente, comisión de calidade, comisións académicas de graos...) nas que se tratan temas máis específicos.

Servizo de Atención Psicolóxica USC

Servizo asistencial gratuíto para estudantes matriculados nos graos, másteres e doutoramento da USC que enfrontan problemas psicolóxicos que interfíren no seu rendemento académico, mediante o acompañamento e a aprendizaxe de estratexias que lles permitan asentar o seu benestar e equilibrio emocional.

Contacto: atenciónpsicologica@usc.gal

Ubicación: Rúa de Lope Gómez de Marzoa, 4. (Pavillón Estudiantil). Só con cita previa. Para información contactar mediante correo

<https://www.usc.gal/gl/servizos/unidades/unidade-atencion-psicologica>

Servizo de Participación e Inclusión Universitaria

O Servizo de Participación e Inclusión Universitaria (SEPIU) coordina a oferta de actividades de voluntariado, participación e inclusión universitaria coas que se favorece a formación integral do estudantado desde unha visión socialmente responsable e comprometida cos obxectivos do desenvolvemento sostible.

Que servizos ofrece ao estudantado?

Dúas áreas fundamentais: a área de participación social e voluntariado, que coordina as actividades con voluntarios con entidades do terceiro sector nos campus de Santiago e Lugo, e a área de inclusión, encargada de deseñar os apoios ao estudantado non discapacidade e/ou necesidades específicas de apoio educativo (NEAE).

Contacto: sepiu.santiago@usc.gal

Ubicación: Pavillón de Estudantes, primeiro andar. Rúa Lope Gómez de Marzoa, 4. Campus Vida.

Que actividades/ programas pode solicitar?

Actividades como voluntaria/o en distintas entidades do terceiro sector da USC que, seguindo o protocolo establecido pola universidade poden ser recoñecidas academicamente con créditos ECTS. Voluntariado con menores, voluntariado cultural, inclusión social, maiores, menores, tempo libre, minorías étnicas, saúde mental...

Oferta de cursos e seminarios recoñecidos academicamente, sobre diferentes temáticas relacionadas coa participación social, voluntariado, cooperación e educación para o desenvolvemento, ou calquera outras relacionadas coa axenda 2030 e os obxectivos do desenvolvemento sostible.

Apoio para o deseño de adaptacións curriculares non significativas e outros apoios para que o estudantado con discapacidade ou NEAE poda desenvolver as súas actividades académicas, sociais, culturais, deportivas, nun plano de igualdade.

Cando pode solicitalos?

A partir da segunda quincena de agosto (18 de agosto) está aberta a inscrición tanto aos programas con voluntarios, como da solicitude de apoio para o estudantado con discapacidade e/ou NEAE

Como pode solicitalos?

Cubrinto os formularios de inscrición habilitados a tal efecto na páxina de SEPIU nas áreas correspondentes:

Actividades de participación social, voluntariado e inclusión educativa:

<https://www.usc.gal/gl/servizos/area/inclusion-participacion-social>

Onde podo solicitalos?

A través da web ou presencialmente na oficina do SEPIU. A primeira cita par ao estudantado con discapacidade e/ou NEAE debe ser con cita previa a través da web na área de Inclusión Educativa.

Actividades complementarias á docencia

Ao mesmo tempo que estudas o grao poderás completar a túa formación con diferentes actividades, moitas delas con recoñecemento académico. Atoparás información detallada en : <https://assets.usc.gal/sites/default/files/paragraphs/links/2023-05/reco%C3%B1ecementos%20optativos.pdf>

- A Facultade conta coa AULA PROFESIONAL ECOADE na que se desenvolven diferentes cursos sobre temáticas como Excel, Power Bi, ERPs, talleres para a empregabilidade, ciclos de conferencias, ciclo de cine para a economía e a empresa, entre outros. Podes atopar información sobre todas elas en : <https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-ciencias-economicas-empresariais/aula-profesional>, onde se irán colgando as diferentes actividades. Tamén recibirás na túa conta @rai.usc.es correos das aula de coordinación e poderás ver todas as actividades que son do teu interese nas redes sociais do centro. Se participas nestas actividades, podes solicitar o teu diploma de recoñecemento. No caso de dúbidas específicas sobre a aula profesional, poder escribir ao seguinte correo electrónico: ecoade.aulaprofesional@usc.es
- Idiomas, podes estudar no Centro de Linguas Modernas (CLM) da USC. Máis información en: <https://www.usc.gal/gl/benvindaUSC/centro-linguas-modernas>. A acreditación de competencias lingüísticas poder ter un recoñecemento como créditos ECTS no teu expediente (ata 6 ECTS).
- Curso de competencias informacionais. A Biblioteca da Facultade organiza un curso básico e un curso avanzado. En caso de ser superado cada curso será recoñecido como 1 crédito ECTS (prazos limitadas). Máis información en: <https://www.usc.gal/gl/servizos/area/biblioteca-universitaria/docencia-aprendizaxe/formacion-competencias-informacion>
- A participación en actividades solidarias e de cooperación organizadas e supervisadas polo Servizo de Participación e Integración Universitaria (SEPIU) da USC (<https://www.usc.gal/gl/servizos/area/inclusion-participacion-social>)
- Participación en iniciativas emprendedoras ou innovadoras: Concurso de ideas, programa ARGOS, ... que podes consultar e das que tamén recibirás novas no teu correo institucional: <https://www.usc.gal/es/servicios/area/valorizacion-transferencia-emprendimiento>
- Participación en actividades deportivas, culturais, etc. <https://www.usc.gal/gl/servizos/area/deporte>

Mellora continua e Xestión da Calidade

Unhas das características da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais é o seu compromiso coa mellora continua. Para a consecución deste obxectivo é determinante que cada un dos membros da comunidade universitaria do Centro sexa corresponsable e considere como propio, cada quen cos seus dereitos e deberes, o obxectivo da excelencia. A información pública é un dos elementos esenciais de todo sistema de calidade.



Na páxina web da Facultade está dispoñible toda a información relacionada con este tema (plan estratéxico, accións de mellora, informes de seguimento e acreditación das titulacións, planificación e obxectivos de calidade....). Podes consultar a información relativa ao sistema de calidade do Centro en:

<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-ciencias-economicas-empresariais/calidade>

Enquisas de opinión

Na Facultade realízanse diversas enquisas para coñecer o estado de opinión de diferentes colectivos do Centro.

Os resultados obtidos nesas enquisas son analizados polas diversas comisións do Centro co obxectivo de deseñar accións de mellora para os procesos de ensinanza e aprendizaxe.

A participación ampla dos diferentes colectivos, especialmente do estudantado, é fundamental para a validez dos resultados das enquisas.

Suxestións, queixas e reclamacións

Co fin de traballar na mellora continua do noso Centro tanto dende o punto de vista da mellora académica, administrativa, como da mellora das instalacións poderán presentarse suxestións, queixas, reclamacións e parabéns.



Con este obxectivo, o estudantado ten á súa disposición un formulario ao que pode acceder a través do seguinte código QR para facer chegar a súa opinión sobre o que lle gustaría que se fixese ou mellorase na facultade, as súas queixas sobre o que non funciona adecuadamente e tamén os seus comentarios en relación ao que consideran boas prácticas.


Tamén se poderán presentar escritos a través de correo electrónico ecoade.decanato@usc.es ou presencialmente no Decanato.

Instalacións

O edificio principal da Facultade é de 1977, posteriormente construíuse un anexo onde se sitúa a entrada/saída traseira e as aulas 7 e 8 e posteriormente unha ampliación.

A planta baixa principal recolle aulas e espazos cos principais servizos da Facultade (ver plano). Desde esta planta tamén existe acceso a tódalas aulas e despachos do profesorado.

PLANTA BAIXA PRINCIPAL



Planta baixa principal (ver plano)

A planta baixa principal conta cas aulas magnas da facultade, Aula **A** (José Afonso), Aula **B** (Tomé), Aula **C** (Conde Corbal). E as aulas **7** e **8** que están moi preto da saída traseira.

A: Decanato

- b: Conserxería
- c: Unidade administrativa de xestión e asuntos económicos
- d, g: Ascensores/escaleiras de acceso aos departamentos
- e: Aseos
- f: Salas de ordenadores (30 equipos informáticos) e sala de estudo e traballo en grupos
- h: Servizo de reprografía
- i: Salas de traballo en grupo
- j: Escaleiras e ascensor de acceso (parte de arriba) salón de graos, aulas 1 e 2, (parte de abaixo) aula ARGOS e locais de asociacións estudantís, aula 9,10 11, 12, 13, aseos e acceso á zona de ampliación
- k: Escaleiras de acceso (parte de arriba) as aulas 3, 4, 5 e 6, e (abaixo 14,15, 16 17,18 19 e 20) aseos e acceso á zona de ampliación

Zona da ampliación

Planta baixa: aulas de informática: i1,i2,i3, i4, i5, i6 e i7 e aulas 21, 22,23,24, 25, 26 e 27 e aseos
Planta superior: aulas 28,29 e 30 e aseos

En todo o Centro, incluída a Biblioteca, terás acceso á rede wifi.

Para maior detalle, consultar o seguinte enlace:

<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-ciencias-economicas-empresariais/equipamentos>

Seguridade e plan de evacuación

As sinais de emerxencia poden ser de dous tipos:

Pitada continua	Emerxencia xeral: debe realizarse unha evacuación de todo o edificio
Pitada descontinua	Emerxencia parcial: debe realizarse a evacuación da zona afectada.



Atoparás cartaces informativos sobre as actuacións a realizar en caso de emerxencia e evacuación por toda a Facultade.

En caso de emerxencia que obrigue a evacuar a facultade ou unha zona da mesma **debes dirixirte** ao punto de encontro exterior máis próximo á saída pola que abandonaches o centro. Alí farase recento das persoas que estaban dentro do centro e comprobaremos que ninguén bota de menos a ningún compañeiro ou compañeira. OS puntos de encontro externos son:

Pola zona da porta principal → o parque que hai abaixo da facultade (Parque da música)
Pola zona da porta traseira → a explanada situada diante do Pabellón Lorenzo Latorre

É FUNDAMENTAL QUE TE DIRIXAS A ESTES PUNTOS DE ENCONTRO; NUNCA TE QUEDES DIANTE DAS SAÍDAS OBSTACULIZANDO O PASO E TAMPOUCO TE MARCHES SEN PASAR POLO PUNTO DE ENCONTRO!

Biblioteca

A Biblioteca de Ciencias Económicas e Empresariais é un dos 19 puntos de servizo da Biblioteca Universitaria. Podes atopar toda a información necesaria sobre a mesma na súa páxina web: <https://www.usc.gal/gl/servizos/area/biblioteca-universitaria/biblioteca-ciencias-economicas-empresariais>

Está situada na planta principal da Facultade e distribúese en tres andares arredor dun patio central. No andar principal atópase o mostrador de atención ao público e a sala de lectura con 348 postos. A sala permite o **acceso directo** aos libros de uso máis frecuentes. Para levalos en préstamo só tendes que achegarvos ao mostrador co exemplar e a **Tarxeta Universitaria de Identificación** (TUI).

Para utilizar a meirande parte dos servizos que oferta a biblioteca débese dar de alta a TUI como Tarxeta de Biblioteca no mostrador da Biblioteca. Se non se dispón da TUI pódese solicitar unha tarxeta provisional na Biblioteca que se deberá substituír posteriormente pola TUI.

Servizo de reprografía

O servizo de reprografía da Facultade permitirá imprimir toda clase de documentos e traballos. A maioría de documentos subidos polo profesorado atoparanse no taboleiro da entrada de reprografía cun número identificativo, o cal se poderá imprimir dentro do local de reprografía. Tamén existe a posibilidade de empregar a túa **TUI** como método de pagamento nos puntos de impresión que atoparás en todo o CAMPUS.

Podes enviar dende calquera dispositivo documentos para imprimir no servizo de reprografía do Centro ao correo electrónico: usd3@fundacionusc.gal

Cafetaría-Comedor

A Cafetaría da Facultade ofrece servizo de comedor. Podes consultar a lista de comedores universitarios e os prezos en <https://www.usc.gal/gl/estudiantes/cafeterias-comedores>

Horarios do centro

Os horarios habituais da Facultade son de luns a venres (nos meses de xuño, xullo e agosto pode haber algunha variación):

Centro	8:30-21:30
Biblioteca	8:30-21:30
Servizo de reprografía	9:00-14:00 e 16:00-19:00
Servizos de xestión e administración	9:00-14:00
Cafetaría	8:30-21:00